

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO , CELEBRADA EN DATA VINTE E UN DE ABRIL DE DOUS MIL DEZASETE.

No Salón de sesións da Casa do Concello de Valdoviño, o día vinte e un de abril de dous mil dezasete, sendo as vinte horas reúnese o Concello – Pleno para celebrar sesión ordinaria.

Preside a sesión o Sr Alcalde á que asisten os concelleiros e concelleiras: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, don Benito Manuel Vega Fernández, don Alejandro García Sousa e dona Jessica Sabín Fernández do PSdeG- PSOE don José Antonio Vigo Lago, don Esteban García Alonso, don José Antonio Rodríguez Fernández e dona M^a Cristina Freire Aneiros do Partido Popular (PP); don Manuel Javier Bacorelle Robles de Unidos por Valdoviño(U POR V). Non asistiu con previo aviso á Alcaldía don Luís Manuel Beceiro Rodríguez de Centristas de Valdoviño (CENVAL) e Carlos Alberto Ameneiros Serantes do Bloque Nacionalista Galego (BNG).

Asistidos por Carlota González Navarro en calidade de Secretaria municipal e por dona Gema Leal Insúa , en calidade de interventora municipal.

ORDE DO DÍA

I. PARTE DISPOSITIVA

1º APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE RECTIFICACIÓN DE CAMIÑO MUNICIPAL

Proposta de Alcaldía:

“RESULTANDO que o Concello o día 17 de outubro de 2014 aprobou definitivamente o inventario de titularidade municipal do Concello de Valdoviño.

RESULTANDO que durante anos producíronse unha serie de vicisitudes nos ditos bens tal e como consta no informe emitido polos servizos técnicos municipais,

VISTO o informe da Secretaría emitido en data 20 de marzo de 2017,

CONSIDERANDO o establecido no artigo 33.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais (RD 1372/1986 de 13 de xuño) que determina a rectificación do Inventario municipal verificarse anualmente, reflexándose na mesma as vicisitudes de toda índole de bens e dereitos de propiedade municipal durante esa etapa.

Considerando que a aprobación da rectificación anual do Inventario corresponde ao Pleno da Corporación Local, de conformidade co previsto no artigo 34 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

CONSIDERANDO que segundo o establecido no artigo 32.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais establece que unha vez sexa aprobada a rectificación anual do Inventario, remitirase copia do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Considerando que segundo o establecido no artigo 36 da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas, o previsto no artigo 85 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local ,así como o artigo 36 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, as Corporacións Locais deberán inscribir no Rexistro de Propiedade os seus bens inmobles ou dereitos reais, de acordo co previsto na lexislación hipotecaria, sendo título suficiente para tal efecto a certificación que con relación ó inventario aprobado, expida o Secretario co visto bo do presidente.

Esta Alcaldía , en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente, PROPÓN ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.-Aprobar inicialmente o expediente de rectificación anual do inventario de camiños do Concello de Valdoviño, relativo ao camiño municipal con número activo 1C.8.0086 e 1C.8.0085,nos términos sinalados na documentación técnica obrante no expediente.

SEGUNDO.- Expoñer ó público o expediente por un prazo de 20 días hábiles no taboleiro de edictos do concello e no BOP.

TERCEIRO.- Si non se presentan reclamacións , entenderase elevada a rectificación anual do inventario de camiños do Concello de Valdoviño, relativo ao camiño municipal con número de activo 1.C.8.0086 e 1C.8.0085

Valdoviño, 20 de marzo de 2017

O alcalde,

Asdo: Alberto González Fernández”

O Pleno , en votación ordinaria e por unanimidade aprobou a precitada proposta de Alcaldía.

2º.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO NÚM.1/2017

Proposta de Alcaldía:

“Vistas as facturas que se relacionan no anexo e que forman parte do expte REC PLENO1/2017, que se inclúen na relación de facturas nº F/2017/7, conformada por 88 facturas de importe total bruto 21.632,56€.

Visto que as facturas que forman parte do anexo foron recibidas no rexistro de entrada do Concello con data do exercicio 2017, pero corresponden a servizos efectivamente realizados en anos anteriores , pero que non puideron ser aprobados nos exercicios nos que se prestou o servizo por non constar presentar as facturas, aínda que existía crédito a nivel vinculación xurídica suficiente ao remate do exercicio 2016 para que puidera ser atendidas.

Visto que o orzamento xeral para o exercicio 2017 foi aprobado definitivamente mediante inserción de edicto no BOP nº 59 de 28 de marzo, non contemplando especificamente crédito para recoñecemento extraxudicial de crédito para os ditos fins.

Verificado polos difrentes membros da corporación a efectividade da prestación dos subministros e servizos facturados e a corrección do facturado cos importes pactados, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación que aprobe a seguinte proposta do acordo:

PRIMEIRO.-Aprobar conforme ó artigo 60.2 do RD 500/1990 o recoñecemento extraxudicial de crédito (Expte REC PLENO 1/2017) que se conforma pola relación de facturas nº F/2017/7 na que se inclúen 88 facturas de importe bruto total 21632,56€

SEGUNDO.- Que se de traslado da presente resolución os servizos de intervención para que realicen as anotacións contables necesarias.

Valdoviño, 11 de abril de 2017

O alcalde

Asdo: Alberto González Fernández”

O Pleno aprobou o recoñecemento extraxudicial de crédito (REC PLENO 1/2017) conforme á proposta da Alcaldía transcrita mediante votación ordinaria e por unanimidade.

3º ACORDO DE APOIO A RESOLUCIÓN DE FEMP RELATIVA Á ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DAS ENTIDADES LOCAIS.

RESOLUCIÓN

Las Entidades Locales españolas son la única administración pública que cumple con los objetivos de estabilidad. Su contribución a la reducción de déficit público del Reino de España ante la Unión Europea ha sido determinante.

Desde el año 2012 el conjunto das Corporaciones Locales vienen generando superávit:

2012	0,32 % PIB	2287 mil. €
2013	0,55% PIB	547 mil. €
2014	0,53 % PIB	5938 mil. €
2015	0,47 % PIB	5094 mill €
2016	0,64 % PIB	7083 mil. €

Pero las restricciones impuestas a su reinversión han impedido que los ciudadanos de los municipios españoles van mejorando su calidad de vida.

Los alcaldes y Alcaldesas Españolas ven graves dificultades para explicar a los vecinos que no pueden atender las demandas a pesar de contar cos recursos disponibles para ello.

Durante los últimos ejercicios, la obligación de circunscribir la reinversión del superávit al concepto de “inversión financieramente sostenible” y de generar nuevos ingresos por la misma cuantía de reinversión, ha impedido realizar infraestructuras y prestar servicios demandados por los ciudadanos.

A estas restricciones, para 2017 se suma la de no poder hacer ninguna reinversión hasta que los Presupuestos Generales del Estado para este año estén definitivamente aprobados, a finales de este semestre o principio del próximo haciendo imposible la tramitación de los expedientes administrativos durante este ejercicio.

Precisamente ahora, cuando mejor es el superávit de las Entidades Locales Españolas (7083 mill. € un 39% más que en 2015; casi 260000 mill € en términos agregados desde 2012) y cuando nuestro país, por fin ha cumplido el objetivo de déficit comprendido con Bruselas, más restricciones vamos a tener que hacer uso de los recursos que son nuestros y que deben ser utilizados en beneficio de nuestros vecinos.

Esta situación, a juicio de la Junta de Gobierno de la FEMP- coincidiendo con todos los gobiernos locales de nuestro país no pudo ser aceptada. Llego el momento de que nos permita reinvertir superávit sin más restricción que el cumplimiento de la estabilidad presupuestaría.

Por todo ello la Junta de Gobierno de la FEMP en reunión extraordinaria celebrada el 6 de abril de 2017, a iniciativa del Presidente, Abel Caballero, aprueba esta resolución:

1- Instar al Gobierno de España y los Grupos Parlamentarios a que , por vía de urgencia adopten las medidas legislativas que permita a las Entidades Locales Españolas reinvertir su superávit sin ter que generar nuevos ingresos por su cuantía de vida de los ciudadanos con el único límite de no poner en riesgo la estabilidad presupuestaría..

2.- Teniendo en cuenta la entrada en vigor de los Presupuestos Generales del Estado para el año 2017, la Disposición adicional nonagésima segunda, deberá establecer que el plazo temporal para poder realizar la reinversión del superávit de 2016 en los términos señalados tanto en relación con los compromisos de gasto señalados tanto en relación con los compromisos de gasto como con las ejecuciones. Por lo tanto quedaría sin aplicación legal el contenido del párrafo segundo del apartado 5 de la Disposición adicional decimosexta del texto refundido de la Ley Reguladora de Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de Marzo en cuanto a la condición de que el gasto ejecutado en el año 2018, tenga que estar comprometido en el año 2017, pudiendo comprometerse ejecutarse el gasto en el año 2017 y 2018.

3-Trasladar esta Resolución a todas las Corporaciones Locales Españolas para su conocimiento y, si lo estiman oportuno para que el Pleno de Corporación manifieste su apoyo a la misma.

O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade manifiesta o apoio á resolución da FEMP.

II .CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

4º DAR CONTA AO PLENO DE DECRETOS DE ALCALDÍA

De conformidade o artigo 42 do ROFRXEL deuse conta de decretos do número 81/2017 ao 133/2017.

O Pleno tomou coñecemento.

5º DAR DE CONTA DE DATO DE LIQUIDACIÓN 2016

Deuse conta do decreto número 137/2017 que di o seguinte:

“Téndose elaborado a liquidación do Orzamento Municipal deste Concello correspondente o exercicio 2016 dacordo co disposto no artigo 191.3 del RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais en concordancia co art. 90.1 del R.D 500/1990 de 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do título sexto do TRLRFL esta Alcaldía resolveu en data 31.03.2017 aprobar a liquidación do orzamento correspondente ao exercicios 2016 , mediante resolución de alcaldía nº 120/2017. Posteriormente detectados unha serie de erros pola intervención na contabilización dos pagos delegados das nóminas como consecuencia de revisión de datos,e visto que o importe do dubidoso cobro tamén non se adecuaba ao criterio determinado en bases de execución, considerase adecuado proceder a rectificar a resolución indicada variando os datos numéricos (sin significación a penas) aos efectos de ademais procede a anularse as retencións e compromisos de gasto que se mantiñan por erro.

E a petición da intervención municipal tamén se ratifica a contabilización da obriga que se deriva da seguridade social do mes de decembro do persoal laboral e funcionario do concello.

Segundo o informe da avaliación elaborado pola interventora municipal dáse cumprimento ao principio de estabilidade orzamentaria , regra do gasto e límite de débeda. A capacidade de financiamento ascende a 271297,35€ mellórase o obxectivo de superávit previsto no Plan económico financeiro para o exercicio 2016. O importe do gasto computable ascende a 3207.219,34€ sendo un importe inferior ao límite establecido para o cumprimento da regra do gasto en 10569,73€ (aínda que se cumpra a regra de gasto, non se dá cumprimento ao obxectivo do Plan económico financeiro toda vez determinaba o cumprimento por maior importe). Dáse cumprimento tamén ao límite para o endebedamento.

En consecuencia procede rectificar os datos contidos na resolución nº 120/2017 e proceder a aprobar a liquidación cos seguintes datos resumidos.

RESOLVE:

PRIMEIRO.- Rectificar os datos de aprobación á liquidación de gastos e ingresos do Orzamento Municipal correspondente ó exercicio 2016 contidos na resolución nº 120/2017 que serán os seguintes;

RESULTADO PRESUPUESTARIO

1.-Dereitos recoñecido netos 5176.721,42

- a) Operacións correntes..... 4614.444,12
- b) Operacións capital..... 347.765,27
- c) Activos financeiros.....5440,20
- d) Pasivos financeiros.....209.071,83

12.- Obligacións recoñecidas netas 4780.236,37

- a) Operacións correntes3763.650,94
- b) Operacións capital.....644.428,74
- c) Activos financeiros.....5760,00
- d) Pasivos financeiros.....266.396,99

3.- Resultado presupuestario (1-2) 496.485,05

4º Gastos financiados con RLT 0,00

5º Desviacións negativas de financiación..... 334.197,99

6º Desviaciones negativas de financiación..... 79505,02

7º Resultado presupuestario ajustado 751.178,02

ESTADO DE REMAMENTE DE TESORERÍA

1(+)
2(+)
(+)
(+)
(+)
-
3 (-)
(+)
(+)
(+)
(-)

Fondos líquidos	1024.430,60 euros
Derechos pendientes de cobro	1058.396,96 euros
de presupuesto corriente	163.737,86
de presupuestos cerrados	874.757,44
de operaciones no presupuestarias	19 901,66
Cobros tes aplic. definitiva.....	59 599,18
Obligaciones pendientes de pago	806 417,61 euros
de presupuesto corriente	380.338,93
de presupuestos cerrados	203 691,23
de operaciones no presupuestarias	22.387,45
pagos realizados ptes aplic. definitivas	548,13

I. Remanente tesorería total (1+2+3) 1217.358,90 euros

11 II Saldos de dudoso cobro 852.832,54

III Exceso de financiación afectada 7108,69 euros

IV Remanente tesorería gastos reales 357.417,67 euros

Segundo.- Ratificar a corrección dos datos de rectificación de contabilización de nóminas e seguridade social efectuados e que se recopilan en listado de operacións que se adxuntan a este expediente, así como a anulación de saldos de RC e AD cuxo gasto foi aplicado directamente a crédito dispoñible. Rectificar o saldo de dereitos pendentes de pagamentos derivados da axuda para o financiamento da obra financiada a través do FEESL, todo vez visto o acordo de reintegro de axuda, non correspondería ter recoñecido o dereito, toda vez non se cumpriran os requisitos establecidos para percibir dita axuda. Así como deixar recoñecido o gasto que deriva da seguridade social en cargo do concello correspondentes ao mes de decembro e que se pagarán en xaneiro de 2017.

Terceiro.- Dáse conta ó Pleno da Corporación da liquidación e comuníquese á Oficina Virtual de Coordinación Financiera a través da plataforma de rendición telemática rendida ao efecto e comuníquese tamén a Administración Autonómica os datos definitivos da liquidación, unha vez efectuadas as rectificacións (toda vez aínda non se tiñan remitido os datos referidos a data 31.03.2017)

Mándao e asínoa dixitalmente o Alcalde- Presidente Don Alberto González Fernández en Valdoviño

O alcalde”

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

6º ROGOS E PREGUNTAS

Alcalde: Teño que agradecer a axuda do persoal de este Concello e de Protección Civil pola axuda que nos aportaron ao voar o tellado do CPI Atios. Actuaron rapidamente os operarios municipais, viñeron os bombeiros do Concello de Ferrol, e suspendéronse as clases ata que se amañou. O luns volve a abrir pero vaise aplicar un protocolo porque van seguir cos obras.

Non sabemos o motivo de que o 112 non tomara ningunha medida, parece que había folga pero en estas situacións hai que tomar medidas. Tamén levantouse parte do tellado da piscina municipal, xa se tomaron medidas de seguridade, xa que non autoricei que os operarios subiran ó tellado pola noite porque era moi peligroso.

Alcalde: Caeron varias árbores no Paseo da Lagoa, a competencia é da Demarcación de Costas e non fixeron nada a día de hoxe, temos que instar a execución.

BNG: A colaboración e respecto institucional con Costas é unidireccional.

Alcalde: Reitero o meu agradecemento aos traballadores do Concello e Protección Civil.

Alcalde: O día 28 deste mes convocouse unha Xunta Local de Seguridade para ver as cuestións de coordinación entre as Administracións para a celebración do evento, actividades deportivas como Pantin Classic etc..

BNG: Debería establecerse un protocolo.

Alcalde: Sí, imos solicitalo. Ademais imos convocar para contratacións das casetas, PAI , cámping.

En canto se incorpore a traballadora social contrataremos o SAD.

Sr Rodríguez Fernández :O planeamento como está?

Sr Alcalde: A empleada aportounos unha documentación e teñen que comprobar os técnicos municipais.

Estamos pendentes das contratacións do persoal: Aparellador administrativo e un técnico de Turismo en canto chegue a subvención para este último.

Tamén se está traballando para contratar a dous auxiliares de policía local.

Sr Ameneiros Serantes: É moi importante que se cubra a praza de policía Local pero creemos que é insuficiente. Hai que adaptarse tamén porque os cursos son en febreiro e hai que ver tamén o tema dos prazos.

Rotonda de Robles: É moi peligrosa porque os coches non te ven , hai que pedir a Estradas que fagan algo. Xa sei que é complicado.

No río Mourente hai moitos desperdicios plásticos, basura había que tomar medidas como indicar disto aos veciños cun cartel.

O problema coa numeración está provocando moitos perxuicios á xente.

No nomenclator de Riobo , aparece como Río Bó

E que se corrixa a indicación a Praia dos Botes.

Sr Bacorelle Robles: Levo preguntando pola factura do lixo desde agosto.

Alcalde: Estao mirando intervención

Sr Bacorelle: Desde Agosto?

Alcalde: Sí

Sr Bacorelle: Cando se vai abrir o cámping? No verán?

Alcalde: Esperamos que sí.

Sr Ameneiros: Debemos axilizalo

Sr Bacorelle: Fixeron unha Xunta de Goberno extraordinaria urxente para denegar a licencia de parcelación e vostedes criticaban na lexislatura pagada estas cousas. Era necesaria facela extraordinaria e urxente?

Alberto: Sí porque era unha licencia que se sacou dunha Xunta de Goberno por unha dubida no expediente e un problema co S.Geni non a fixemos ordinaria.

Non se convocou a propósito , foi necesaria.

Sr.Bacorelle: Sábese algo do tema penal que leva o Concello?

Sr .Bacorelle: Teño a sensación de que o Concello non está facendo nada. Non hai ningún interés.

Beceiro: Pido que se insta outra vez a Deputación a limpeza de cunetas. E os contratos de mantemento?

Alcalde: Agora hai moito traballo e antes temos que facer outros contratos. Estanse pedindo moitas cualificacións urbanísticas están colapsando o traballo do Concello. A xente debe pensar que vincula para o novo planteamento , quizás o diga alguén.

BNG: A xente esta máis asesorada

Beceiro: O socorrismo?

Alcalde: Xa saleu no BOP

Beceiro: Como se vai establecer a vixilancia? Ampliarase?

Alcalde: Establecerse según a marea , por zonas

Alberto: Igual que o ano pasado.

Beceiro: Hai un problema porque se está cobrando IBI por fornos pequenos e pequenas explotacións sería bon establecer bonificacións para que se xenere poboación e a xente confíe no rural. Deixanse caer hórreos centenarios porque cobran IBI.

Vigo: Como está o arquivo?

Alcalde: A secretaria pídeo sempre. Estamos en él.

Vigo: O fundamental é seguir dixitalizando.

Sen outro asunto a tratar a sesión queda levantada ás vinte e dúas horas e dez minutos pola Presidencia de que como Secretaria redato a acta e certifico.

A Secretaria

O Alcalde

Asdo: Carlota González Navarro

Asdo: Alberto González Fernández